



**Resolución do 8 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes provisionais que serán obxecto de provisión no concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación.**

Mediante a Orde do 14 de outubro de 2016 convocouse concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación.

De conformidade co establecido na base segunda da antedita Orde, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.- Publicar nos anexos I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII desta resolución as vacantes provisionais para o curso 2016/17 do corpo de inspectores de educación, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e mestres.

Segundo.- Todas as vacantes provisionais que figuran nos anexos desta resolución poderán ser obxecto do concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

